

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 22 de novembro de 2013

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e dous de novembro do ano dous mil trece, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asiste á sesión o deputado provincial don Antonio Montero Fernández.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 15 DE NOVIEMBRE DE 2013.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día quince de novembro de dous mil trece, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS NAS TARIFAS POR USO DAS INSTALACIÓNS DO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ”.- Unha vez vista a proposta de concesión de bonificacións nas tarifas por uso das instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, formulada polo Servizo de Deportes con data 18 de novembro de 2013, considerando a dita proposta axustada ó establecido no artigo 5 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz”, ó abeiro das ditas normas, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Conceder as bonificacións nos prezos públicos polo uso das instalacións deportivas no Pazo dos Deportes “Paco Paz” para a temporada 2013-2014, nas porcentaxes e nas entidades deportivas que se indican:

* Federación Galega de Voleibol (Delegación Ourense): 90%

* Club Voleibol Ourense: 60%

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 22 de novembro de 2013

- * Escola Burgas Ximnasia: 90%
- * Club Baloncesto Valenzá: 45%
- * Club Burgas Voleibol: 60%
- * Club Tenis de Mesa Academia San Mamed Ourense: 75%
- * Club Ourense Fútbol-Sala: 45%

Así mesmo, acórdase, pola súa especial singularidade e características e por se manteren as mesmas circunstancias que aconsellaron no seu día a bonificación das tarifas correspondentes, que as Copas Deputación da temporada 2013-2014 gocen da mesma porcentaxe de bonificación do 90% polo uso das instalacións deportivas do Pazo dos Deportes “Paco Paz”.

3.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala ratificación previa da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, adoptouse o seguinte acordo:

3. a) FIXACIÓN DE PREZOS DE PUBLICACIÓNS QUE EDITARÁ A DEPUTACIÓN PROVINCIAL.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes para fixación de prezos de distintas publicacións da Deputación Provincial de Ourense, trala unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, e de conformidade coa proposta da Presidencia, a **Xunta de Goberno** (en virtude de delegación conferida por acordo do Pleno do 26 de novembro de 2010), por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Fixa-los prezos de venda ó público das seguintes publicacións, polos importes que se indican:
 - . **Autor:** Souto Figueroa, MG.- **Título:** Ourense, unha provincia singular, enigmática e sorprendente.

Prezo por libro: 25 € (IVE incluído).

4.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e vinte minutos, do referenciado día vinte e dous de novembro do ano dous mil trece, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,